



Xornada de debate: Construindo alternativas desde o local.

- [alternativas](#) [1]
- [Local](#) [2]
- [xornadas](#) [3]

Este sábado 5 de Decembro realizarase na Gentalha do Pichel (Sta Clara, 21) en Compostela unha xornada de debate organizada polo Movemento pola Base sobre a construción de alternativas desde o local. A xornada iniciárase por volta das 10:30 da mañá e centrárase na exposición de proxectos concretos que desde distintos puntos do planeta constrúen alternativas ao actual sistema. Na xornada da tarde procederase a un debate c@s compañeir@s das Candidatures d`Unitat Popular dos Países Cataláns sobre a súa experiencia e a unha expoosición por parte das organizacións soberanistas galegas das diferentes alternativas que defenden.

A seguir incluímos o programa deste acto aberto ao que convidamos a asistir a tod@s @s nacionalistas:

10:30 **Alternativas locais no mundo.** Fermin Paz Lamigueiro.

12:00 **Alternativas económicas: mercados de proximidade.** Lidia Senra.

16:30 Alternativa política desde o local. Palestra con concelleir@s das Candidatures d`Unitat Popular (CUP) dos Países Cataláns e debate con representantes de:

- Colectivo Nacionalista de Marín, Espaço Irmandinho, Frente Popular Galega, Movemento pola Base, Nova Esquerda Socialista, NÓS-Unidade Popular e Partido Comunista do Povo Galego.

Se queres descargar o cartaz preme no enlace.

Adxunto

[cartazlocal3.pdf](#) [4]

Tamaño

2.07 MB

- [alternativas](#)
- [Local](#)
- [xornadas](#)

Source URL:

<http://www.polabase.net/nova/2009/12/03/xornada-debate-construindo-alternativas-desde-o-local>

Links:

[1] <http://www.polabase.net/novas/marcas/alternativas>

[2] <http://www.polabase.net/novas/marcas/local>

[3] <http://www.polabase.net/novas/marcas/xornadas>

[4] http://www.polabase.net/sites/default/files/novas/2009/12/cartazlocal3_pdf_48985.pdf